

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA
E A ASOCIACIÓN DA RUTA DO VIÑO VALDEORRAS PARA A CELEBRACIÓN
DAS XORNADAS DE PORTAS ABERTAS NA RUTA DO VIÑO DE VALDEORRAS**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa entidade Asociación da Ruta do Viño Valdeorras o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia e a Asociación da Ruta do Viño Valdeorras, para o apoio á celebración das Xornadas de portas abertas na Ruta do Viño Valdeorras. A Asociación como entidade organizadora dos actos das Xornadas ven desenvolvendo unha labor de continuidade no campo da promoción e difusión do turismo.

A promoción deste evento considérase como un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia. A categoría e relevancia acadada por esta celebración fan que acade unha incidencia directa no que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos seus extraordinarios recursos turísticos, impulsando así a mellora económica do sector.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:



Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia Turismo de Galicia, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo.

Segundo.- Que a Asociación da Ruta do Viño de Valdeorras xurdiu dun proxecto europeo de cooperación transfronteriza España-Portugal no que Turismo de Galicia era socio. O seu labor resulta esencial para a promoción do enoturismo no territorio que abrangue, xa que aglutina o 100% do sector enolóxico interesado na vertente turística.

Segundo os seus estatutos, a Asociación ten como ámbito de actuación o ámbito territorial que ocupa a Denominación de Orixe Valdeorras, que comprende os Concellos da Rúa, Carballeda de Valdeorras, Larouco, O Barco, O Bolo, Petín, Rubiá e Vilamartín.

É fin principal da Asociación servir de instrumento público-privado de cooperación para mellorar a competitividade da industria vitivinícola e desenvolvemento do enoturismo, así como valorizar a identidade cultural do territorio.

Terceiro.- No actual escenario turístico estamos a vivir un gran desenvolvemento do enoturismo, no que o viaxeiro se achega ás comarcas vitivinícolas co gallo dun maior coñecemento do viño e da súa cultura ancestral, o que o leva a interesarse tamén polos recursos turísticos desa comarca. Nesta iniciativa das Xornadas anuais de portas abertas nas Rutas dos Viños de Galicia, as Asociacións das Rutas dos Viños de cada Denominación de Orixe propoñen a realización dun conxunto de actividades diversas, todas elas relacionadas coa experiencia enoturística: catas de viño comentadas, buses con guías especializados que realizan visitas ás adegas, descontos en aloxamentos, rutas monumentais, charlas en museos do viño, menús degustación con maridaxes específicas de viños, paseos en barco, monólogos humorísticos nas adegas, maxia..., un cartafol de produtos variados e novidosos que pretenden ser atractivos para os interesados. Todas estas actividades son as consideradas obxecto de financiación pública, polo interese que espertan no público obxectivo e pola importancia que supón para a Xunta de Galicia e para a Comunidade Autónoma en xeral, ao



contribuír a mellorar a ocupación dos establecementos de aloxamento turístico, as empresas de restauración e o turismo en xeral nos espazos rurais.

Cuarto.- A Axencia Turismo de Galicia, para fomentar a colaboración público privada na consecución destes fins comúns, considera conveniente convir coa asociación do Viño de Valdeorras, coa sinatura deste convenio, que permita a consecución dos obxectivos sinalados e continúe os resultados dos convenios asinados, entre ambas as dúas partes, o 27.04.2018 de carácter plurianual (2018-2021), para o impulso do asociacionismo no sector turístico de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela
A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

